

RESUMO DAS PROBAS QUE SE REALIZAN NOS RECOÑECIMENTOS MÉDICOS NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

O **modelo de recoñecemento médico (RM)** que se lles realiza a todas as persoas traballadoras componse das seguintes probas:

1. Anamnese.
2. Somatometría (peso, talle, índice de masa corporal e tensión arterial).
3. Índice cintura-talle.
4. Agudeza visual.
5. Espirometría:
 - RM iniciais.
 - RM periódicos:
 - Anualmente, nos postos onde exista un protocolo específico como asma, risco químico, pneumoconiose, espazos confinados, radiacións ionizantes, estrés térmico e mergullo.
 - Resto de postos, segundo criterio médico.
6. Audiometría:
 - RM iniciais.
 - RM periódicos:
 - Anual en traballadores/as con tarefas de mergullo, condutores/as (cuxa actividade principal é a conducción), ruído, traballos en alturas, espazos confinados e radiacións ionizantes.
 - Resto de postos: trienal ou a criterio médico
7. Exploración básica por aparatos.
8. Electrocardiograma anual
9. Perfil analítico básico:

9.1 SANGUE:

- Hemograma completo: hemoglobina; hematócrito, VCM, HCM, CHCM, índice anisocitose, serie branca: leucocitos totais, fórmula leucocitaria, plaquetas.
- VSG
- Bioquímica:
 - Glicosa en sangue.
 - Colesterol total en sangue, colesterol fraccionado HDL e LDL.
 - Triglicéridos.
 - Creatinina en sangue.
 - Ácido úrico.
 - Colesterol/HDL (índice de risco ateroxénico).
 - Transaminases (encimas hepáticas) GOT; GPT; GGT.
- Ferro e ferritina nas mulleres se a hemoglobina é inferior a 12 mg
- PSA total aos homes se teñen 40 anos ou máis.

- PSA libre se o PSA total > 4 ng/dl (como parte da detección precoz de patoloxía tumoral de próstata).
- Hemoglobina glicosilada (HbA1c) se a glicosa é elevada.
- En persoal exposto a risco químico (canceríxenos) realizarase o marcador tumoral: fosfatase alcalina.

9.2 URINA

- Sedimento e anormais.

10. Valoración do índice FIB4: mediante unha fórmula que inclúe a idade, o recuento de plaquetas e o valor das transaminases indícanos o risco de enfermidade hepática con fibrose hepática.
11. Valoración do índice de risco cardiovascular.
12. Valoración do índice de resistencia á insulina, para actuar de forma precoz e preventiva sobre o risco de desenvolver diabetes.
13. Valoración psicoemocional.

➤ **Vixilancia da saúde por exposición a radon:**

Incluirase como un risco/protocolo adicional na vixilancia da saúde laboral, coa obrigatoriedade e frecuencia establecidas, tras a aprobación do Real decreto 1029/2022, do 20 de decembro, polo que se aproba o Regulamento sobre a protección da saúde contra os riscos derivados da exposición a radiacións ionizantes, que inclúe a exposición ao radon.

Consistirá nunha anamnese e exploración específica para a prevención do cancro de pulmón.

➤ **Probas complementarias ao recoñecemento médico**

- **Recoñecemento xinecolóxico**, ofreceráselles anualmente a todas as mulleres como parte da campaña de detección precoz de cancro xinecolóxico.
- **Mamografía** bilateral bianual, dirixida a mulleres maiores de 50 anos que non están dentro do [Programa galego de detección precoz de cancro de mama \(PGDPCM\)](#) do Sergas.
- **Consulta oftalmolóxica bienal a persoas maiores de 40 anos** se son usuarias de pantalla de visualización de datos máis de 4 h/día ou 20 h/semana para o control da presbicia e control do glaucoma.

➤ **Periodicidade do recoñecemento médico**

Vén dada polos protocolos aplicados, en función dos riscos de cada posto.

1. **Periodicidade bienal:** postos que levan protocolos tales como, cargas, PVD, posturas forzadas, asma, dermatose e axentes biolóxicos.
2. **Periodicidade anual:** postos que levan protocolos de esforzo vocal, risco químico (canceríxenos), estrés térmico, espazos confinados, alturas, condutores (como actividade principal), ruído, radiacións e mergullo.

➤ Tipos de RM médicos

- **Inicial:** cando se produce unha nova incorporación dunha persoa traballadora á empresa.
- **Periódico:** tras o primeiro ano, segundo os protocolos, anual ou bienalmente, para poder detectar variacións na saúde.
- **Por cambio de posto de traballo** ou funcións que supoñan diferentes riscos para a saúde.
- **Despois dunha ausencia prolongada de máis de 60 días** derivada de incapacidade temporal por enfermidade ou accidente.
- **Por embarazo/lactación**, a protección da maternidade intégrase na avaliación de riscos que debe determinar a natureza, o grao e a duración da exposición das traballadoras en situación de embarazo ou parto recente a axentes, procedementos ou condicións de traballo que poidan influír negativamente na saúde das traballadoras ou do feto, en calquera actividade susceptible de presentar un risco específico.

➤ Tipos de aptitudes

APTO

Non presenta ningunha contraindicación a partir do recoñecemento para o desenvolvemento das funcións de seu posto de traballo.

APTO CON LIMITACIÓNS

A aptitude está condicionada á restrición ou prohibición de realizar total ou parcialmente tarefas determinadas, concretas e específicas, do seu posto de traballo.

NON APTO

O desenvolvemento das funcións do posto de traballo pode implicar serios problemas de saúde ou os problemas de saúde impídenlle a súa realización.

SEN APTITUDE VALORABLE

Non é posible valorar a aptitude para o posto de traballo porque o/a traballador/a non realizou totalidade do recoñecemento ou aquelas probas consideradas necesarias ou convenientes.